



## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

As deputadas **Yolanda Díaz Pérezn** e **Eva Solla Fernández**, integrants do **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión V**, relativa ao aumento da sinistralidade laboral.

No noso país e malia o estancamento económico, a caída do emprego e a regresión industrial crecen os accidentes de traballo, que subiron no 2014 un 4%. Un total de 59 persoas morreron no desempeño do seu traballo, tentando gañarse a vida. Os datos publicados polo ISSGA amosan o fracaso das políticas de loita contra a siniestralidade laboral.

Un total de 23.214 accidentes de traballo declarados na xornada laboral supoñen un incremento dun 3,79%. Sen rexistrar resta un feixe de accidentes leves que, dada a presión patronal favorecida polo golpe de Estado causado pola contrarreforma laboral do PP, non se declaran. Deles 429 foron de carácter grave (418 no 2013) e tornan a subir os falecementos (no 2013 morreran 47 persoas, 45 no 2012 e agora 59, nun claro aumento).

Correlativamente aumenta o índice de incidencia, que relaciona o número dos accidentes de traballo e a poboación afiliada á Seguridade Social, un 3,5% máis que no ano precedente.

Aumentan (67) as comunicacións que dan conta das enfermidades profesionais.

A crecente explotación laboral da man de obra asalariada tradúcese, en resumo, en máis accidentes e máis mortes. O austericidio cobra un acrecido tributo de sangue mesmo nun contexto económico desfavorable.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Que valoración crítica realiza a Xunta do incremento da sinistralidade laboral no ano 2014 ? Como se explica que nun contexto económico en que se destrúe emprego creza a sinistralidade? Vai depurar responsabilidades políticas polo fracaso das súas políticas neste eido?
- Quantificou a Xunta os custes económicos que se derivan para as administracións públicas do incremento da sinistralidade laboral?
- Cal é o balanço das actuacións realizadas ao abeiro do plan 2015 de actividades do ISSGA? En particular da liña 3, investigación da sinistralidade, e da liña 5, referida aos programas sectoriais de redución da sinistralidade? Que actuacións se levaron a cabo, de maneira específica, no sector pesqueiro para mellorar os hábitos laborais, concienciar do valor da seguridade, actuacións preventivas e atinxentes ao cumprimento da normativa?
- Que actuacións correctoras suplementarias vai executar a Xunta para reducir a sinistralidade laboral, en particular a mortal e grave?

En Compostela, a 19 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 19/02/2015 13:49:13**



**Eva Solla Fernández na data 19/02/2015 13:49:21**